



FOI UN HOME

LAXEIRO
EN AMÉRICA

(BUENOS AIRES,
1950-1970)



XUNTA
DE GALICIA



CONCELLO DE LALÍN



Real Academia
de Bellas Artes
de San Fernando
rabasf.com



Instituto
Cervantes



Real Academia Galega
de Belas Artes



FUNDACIÓN
CIDADE DA CULTURA
DE GALICIA



Xacobeo
21-22

Introdución



Laxeiro, *O mundo*, 1964.
Óleo sobre lenzo. Colección particular, Madrid.
Foto: Arquivo Fundación Laxeiro

Neste 2022, Galicia rende homenaxe ao pintor galego máis relevante do século XX, José Otero Abeledo, Laxeiro (Lalín 1908 – Vigo 1996), despois de que a Xunta de Galicia e a Real Academia Galega de Belas Artes decidisen dedicar o Día das Artes deste ano ao xenial artista, un dos pais da vangarda pictórica galega. Con motivo do Ano Laxeiro organizouse un amplo programa no que a exposición *Foi un home. Laxeiro en América (Buenos Aires, 1950-1970)* figura como a proposta protagonista.

O Goberno galego, a través da Fundación Cidade da Cultura e en colaboración co Concello de Lalín, organiza esta mostra co obxectivo de difundir o legado dun dos grandes renovadores da pintura galega dentro e fóra de Galicia. Así, ademais de no Museo Ramón María Aller (Lalín) e no Museo Centro Gaiás (Santiago de Compostela), a exposición poderá visitarse na Real Academia de Bellas Artes de San Fernando (Madrid) e no Instituto Cervantes (París), co apoio neste caso da Embaixada de España en Francia.

Comisariada por Carlos L. Bernárdez, historiador e crítico de arte, *Foi un home. Laxeiro en América (Buenos Aires, 1950 -1970)* reúne corenta pezas procedentes de diversas institucións como o Museo Municipal Ramón María Aller de Lalín, o Museo de Pontevedra ou Afundación, centradas na época de madurez deste lalinense internacional que se instalou en Arxentina durante vinte anos, mergullándose no ambiente intelectual da capital porteña, foco da emigración e o exilio galego. Trátase dunha selección dalgunhas das obras máis importantes que conforman o Catálogo Universal de Laxeiro, proxecto dirixido pola Fundación Laxeiro que, tras dez anos de investigación, supuxo o primeiro rexistro deste tipo que se realiza dun artista galego.

A proposta complétase coa publicación dun catálogo que recolle a reprodución de todas as pezas exhibidas, con textos do comisario, Carlos L. Bernárdez, e do director da Fundación Laxeiro, Javier Pérez Buján.

O Ano Laxeiro e esta exposición reivindicán o lugar que lle corresponde a un artista destacado na memoria da nosa cultura.

Biografía



Foto: Cortesía
Fundación
Laxeiro

A figura de José Otero Abeledo, Laxeiro (Lalín, 1908-Vigo, 1996) enmárcase na Vangarda histórica galega, na que, a principios dos anos trinta, un inqueda grupo de mozos artistas e intelectuais, coñecido como *Os Renovadores* (coñecido tamén como *Os Novos*), iniciou un proxecto de actualización estética.

Nado na Galicia rural e tradicional e fascinado dende neno polas historias de vivos e mortos, catalizou como poucos a visión do mundo dende a cultura popular galega, a partir da que constrúe unha obra totalmente innovadora.

No bienio 1931-1933 reside en Madrid, como alumno libre da Real Academia de Bellas Artes de San Fernando, primeiro cunha bolsa do Concello de Lalín e logo da Deputación de Pontevedra. Alí visita case a diario o Museo del Prado e asiste aos faladoiros de café, onde coñece a

intelectuais galegos como Otero Pedrayo, Castelao, Vicente Risco e Suárez Picallo. Asiste tamén á Granja del Henar, onde coñece a Gómez de la Serna, García Lorca, os irmáns Dieste e Valle Inclán. En 1942 instálase en Vigo e expón xa con regularidade tanto nesta cidade como en Santiago, Bilbao e Madrid.

En 1951 viaxa a Buenos Aires para participar na exposición titulada *Artistas galegos*, organizada polo seu amigo Luis Seoane, por encargo do Centro Galego de Buenos Aires, na galería Velázquez. Desde entón fixa a súa residencia alí ata 1970. Nese ano, e despois da gran retrospectiva que lle dedica a Art Gallery International en Buenos Aires, regresa definitivamente a España, animado tamén pola creación na súa terra natal, Lalín, do Museo Laxeiro. Nesta etapa goza xa dun prestixio indiscutible e comeza a recibir homenaxes e recoñecementos, ademais de levar a cabo un intenso labor expositivo.

En 1996 falece en Vigo con 88 anos, despois da inauguración da antoloxica no Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago de Compostela, que se expuxo tamén no Centro Cultural Conde Duque de Madrid.

Exposición

O único rostro co cal o pintor moderno, moitas veces, «negocia» é o seu.

André Malraux, *Le Musée Imaginaire**



(*): Malraux, André, *O Museu Imaginário*, Edições 70, Lisboa, 2011, p. 72.

Co título dunha destacada obra de Laxeiro dos anos sesenta, *Foi un home* (1963), a mostra quere desenvolver unha nova ollada sobre a obra de José Otero Abeledo (Laxeiro) de plena madurez, a que realiza durante a súa longa estadía arxentina entre 1950 e 1970.

Laxeiro marcha a Buenos Aires a inicios da década dos cincuenta co gallo de presentar en 1951 unha exposición colectiva, pero rematará ficando vinte anos, no que se considera o período onde adquire unha maior independencia artística. Permanece na Arxentina até 1970, con algunhas tempadas en España; nese mesmo ano realízase unha gran retrospectiva da súa obra na Art Gallery International de Buenos Aires. En 1968 celebra unha exposición na galería Biosca de Madrid, e ese mesmo ano inaugúrase o Museo Laxeiro en Lalín, o que inflúe no seu desexo de regresar de América.

A traxectoria de Laxeiro nestes anos sêrvenos para ligar a arte que se fai en Galicia co importantísimo núcleo intelectual exiliado en América, nomeadamente na Arxentina. Neste senso é decisiva no percorrido vital e artístico de Laxeiro a exposición de Artistas gallegos, organizada polo Centro Gallego de Buenos Aires en 1951, xa que a partir desta data o noso artista pasa a residir na capital arxentina. Este feito funciona como punto de inflexión cara a unha nova etapa.

Laxeiro incorpórase a partir do comezo dos cincuenta ao núcleo fundamental da cultura galega en América, o asentado na Arxentina onde salientan as figuras de Castelao —xa morto nesta altura— e Luís Seoane. Entre os exiliados galegos estiveran ou estaban pintores e escritores como

Laxeiro, *Foi un home*.
Óleo / lenzo,
1963. 60x50.
Colección de
Arte Abanca.
Foto: Arquivo
Fundación
Laxeiro



Laxeiro, *Jefe azteca*, 1964.
Óleo sobre lenzo.
Colección de
Arte Abanca.
Foto: Arquivo
Fundación Laxeiro

Laxeiro, *O espanto*, 1962.
Óleo sobre
madeira. Museo
de Pontevedra.
Foto: Arquivo
Fundación Laxeiro

Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Maruja Mallo, Manuel Colmeiro, Luis Seoane, Arturo Cuadrado, etc. aos que se sumarán anos despois artistas que deixan Galicia como Isaac Díaz Pardo.

A colaboración entre intelectuais e artistas galegos no exilio americano e no exilio interior comeza a se intensificar a partir de 1946, ano no que, por exemplo, se recupera o contacto epistolar de Luis Seoane —o principal dinamizador da cultura galega en América— e os artistas e escritores que residen en Galicia, como Francisco Fernández del Riego e Carlos Maside, ao que seguirían novos contactos con Aquilino Iglesia Alvariño, Ramón Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro, Valentín Paz-Andrade ou Domingo García-Sabell.

O intercambio de ideas, angueiras e proxectos de colaboración comezan a se facer realidade, superando os atrancos que a censura e a policía franquista poñen a un grupo de intelectuais que, como lembra Del Riego, “uns permaneceron aillados, silandeiros, no exilio interior. Outros víronse forzados a fuxir a terras foráneas. Os que aquí quedaron tiveron que se manter amudecidos, vixiados sempre pola policía dos sublevados”.

Froito dos contactos dos representantes do Centro Gallego con Francisco Fernández del Riego e Valentín Paz-Andrade, decídese realizar unha mostra de arte galega en Buenos Aires. Finalmente a exposición foi aberta o 23 de xullo de 1951 na Galería Velázquez de Buenos Aires cunha extraordinaria concorrencia de

xente á inauguración e nos días sucesivos. O Centro Gallego mercou obra de cada artista presente: *A sesta* de Maside, *Conto de nenos* de Laxeiro, *Natureza morta con sardiñas* de Prego, *A fonte* de Julia Minguillón, *Nacemento* de Díaz Pardo, *Festa na aldea* de Pesqueira e *Cruceiro* de Faílde. Alén diso, Laxeiro vendeu *A dama do abanico* á Sociedade de Fillos de Lalín, que a doou ao Museo de Bellas Artes de Buenos Aires.

No caso particular de Laxeiro, o pintor de Lalín a partir desta mostra decide ficar na Arxentina, participando na evolución da arte galega desde América, incorporándose ao ambiente cultural e artístico do exilio galego.

O ESTILO DO LAXEIRO ARXENTINO

Laxeiro vai manter na súa obra unha enorme fidelidade aos temas galegos da súa formación aínda que vai sufrir unha intensa evolución formal. A súa xeira arxentina, a partir de 1950, fai que se mova nun ambiente cosmopolita e galego ao tempo, aberto a todo tipo de influencias e contactos, mais cunha fidelidade intensa aos temas de tradición galega. A súa obra oscila nesta altura entre unha continuidade e unha maior agresividade da pincelada, máis achegada ao expresionismo abstracto, con obras dun xestualismo que conecta coas correntes internacionais do expresionismo abstracto, sen perder o ar e a textura da súa obra anterior. Nestas obras,

Laxeiro, *Retrato*, 1960-70. Óleo sobre lienzo. Colección Alcalde-Varela. Foto: Archivo Fundación Laxeiro

coa súa linguaxe primitivista, dissolve a realidade en cor e xesto, creando estruturas rítmicas, de trazo enérxico, pero conservando o seu mundo peculiar a suxestión do seu universo referencial, con Galicia ao fondo.

A evolución que manifesta a obra de Laxeiro nos cincuenta afonda nesta liña durante os anos sesenta. Obras como *Foi un home* (1963) ou *Jefe azteca* (1964), na súa radicalidade de sentimentos, aproxímase ao retrato psicolóxico, reproducindo a sensación de sufrimento e de intensa dor. A dor do individuo encerrado nun espazo indefinido, facendo palpábel deste xeito a condición angustiada e dolorosa do home, un aspecto que liga a obra de Laxeiro aos movementos europeos de posguerra que amosan un retrato desapiadado do home contemporáneo.

A ligazón co informalismo faise nestas pinturas evidente e acada resultados de enorme potencia visual. Como noutras obras desta corrente temos a sensación de que Laxeiro pretende "expresar" máis que "representar" no sentido de que a pintura se espaxe polo lenzo como unha descarga de tensión acumulada. O pintor convértese, daquela, nun creador que deliberadamente renuncia á carga intelectual da pintura de tradición clásica, algo evidente no conxunto da obra do pintor de Donramiro, pero que se fai moito máis rotundo nesta altura. A intensidade do trazo e da pincelada non é puramente casual e desordenada xa que o pintor escolle as cores entre a súa paleta habitual, modula texturas e dirixe o xesto, de aí o cualificativo de xestual que lle aplicamos.

Laxeiro conecta coa sensibilidade informalista a partir de referencias figurativas elementais (corpos, faces), que poden lembrar as utilizadas por Antonio Saura ou tamén as coñecidas *Women of Willen* de Kooning, cunha gama cromática fusca e reducida. Á intensa forza plástica e á calidade das obras hai que unir o profundo desacougo que causa o seu tratamento da figura humana. Trátase de óleos de enorme rotundidade e intensidade, presididos pola dor e o desarraigo existencial que serven de canle para a expresión da vivencia angustiada.

Estamos perante lenzos que conectan cun tipo de pintura que poderíamos catalogar de existencialismo trágico. Non enxergamos xa ideais, apenas fica unha presenza brutal, áspera e primaria. Hai nestas obras un evidente elo do primitivismo da estética do granito —como o hai na pintura da posguerra, por exemplo no francés Jean Fautrier, máis alleo a calquera intención



transcendente—. Os rostros que representa Laxeiro nestes anos son, sen dúbida, máis espectrais que autenticamente corporais. Laxeiro sitúase, daquela, a carón dos fillos da traxedia que viviu o mundo na década dos corenta presentando un mundo primario de trazos esgrevios e crus, toda unha radiografía dun tempo convulso e creativo, decisivo no asentamento da pintura do artista galego, sendo obras que o conectan coa contemporaneidade internacional.

Sobre o positivo efecto que a longa permanencia americana tivo na súa obra, temos o testemuño de Luis Seoane, que nunha carta dirixida a Francisco Fernández del Riego en 1965 dicía: "A Laxeiro fíxolle moi ben a súa estadía en Buenos Aires, o establecer contacto con outra pintura e outros artistas para situarse de maneira máis definida na nosa época, proiectarse en novas búsquedas sin que o apremiasen para vivir os posibles clientes que soio gustan do tema pintoresco".

Carlos L. Bernárdez
Comisario da exposición

Calendario

Lalín

Do 6 de abril ao 5 de xuño de 2022
Museo Municipal Ramón María Aller

Madrid

Do 22 de xuño ao 24 de xullo de 2022
Real Academia de Bellas Artes de San Fernando

Santiago de Compostela

Do 29 de setembro ao 18 de decembro de 2022
Museo Centro Gaiás. Cidade da Cultura

París

Do 19 de xaneiro ao 26 de febreiro de 2023
Instituto Cervantes

Comisario



Carlos López Bernárdez (Vigo, 1958) é historiador da arte, ensaísta de temas artísticos e literarios e comisario de exposicións. Ademais, colabora habitualmente en xornais e revistas.

O seu traballo no ámbito da análise cultural mantén dúas liñas fundamentais. Unha está dedicada aos estudos da literatura galega do século vinte, con especial atención aos movementos de vangarda. A segunda, centrada no campo da historia da arte, oríéntase á construción de análise, especialmente sobre a arte galega, que supoñan unha descentralización dos relatos – ruptura do esquema centro/ periferia–.

Das súas publicacións en catálogos e comisariados podemos destacar, entre os seus moitos traballos: *Diáspora. Dez artistas galegos no exilio latinoamericano (1930-1970)* (MARCO e Fundación Luis Seoane, Vigo-A Coruña, 2005-2006) ou *De Vigo a Bos Aires. Laxeiro e a arte galega de posguerra* (Fundación Laxeiro-Parlamento de Galicia, Vigo-Santiago de Compostela, 2008).

Listado de obras

Todas as obras de Laxeiro seleccionadas polo comisario para esta mostra están recollidas en "Laxeiro, Catálogo Universal", compendio no que se inclúe a totalidade da produción artística do pintor. O resto de pezas de pintores cos que se completa a exposición proceden de institucións e cedentes de recoñecido prestixio. A súa autoría atópase avalada polos datos e referencias incluídas na táboa que acompaña esta sección.

Autor	Título	Técnica	Cronoloxía	Medidas	Cedente	Valoración	Observacións
Laxeiro	<i>Abstracto</i>	óleo madeira	1960-1970	59x49	Colección Alcalde-Varela, Boiro, A Coruña	cat. Univ. 1, p. 205	catálogo universal nº 0347
Laxeiro	<i>As amigas</i>	tinta/papel	1968	73x101,5	Concello de Lalín, Museo Municipal Ramón Mª Aller	cat. Univ. 2, p. 54	catálogo universal nº 0271
Laxeiro	<i>Retrato</i>	óleo lenzo	1967	65x54	Concello de Lalín, Museo Municipal Ramón Mª Aller	cat. Univ. 2, p. 45	catálogo universal nº 0267
Laxeiro	<i>Abstracto (Sen título)</i>	óleo lenzo	1965	29x29	Colección Alcalde-Varela, Boiro, A Coruña	cat. Univ. 2, p. 16-17	catálogo universal nº 0386
Laxeiro	<i>Maternidade</i>	carbón e tinta / papel	1968	101,5x72,9	Concello de Lalín, Museo Municipal Ramón Mª Aller	cat. Univ. 2, p. 55	catálogo universal nº 0272
Laxeiro	<i>Sen título</i>	ceras e tinta / papel	1968	72,9x101, 5	Concello de Lalín, Museo Municipal Ramón Mª Aller	cat. Univ. 2, p. 61	catálogo universal nº 0268
Laxeiro	<i>Chegada do rei Breogán a Galicia</i>	óleo/ madeira	1954	38,5x79	Museo de Pontevedra	cat. Univ. 1, p. 182-183	catálogo universal nº 0211
Laxeiro	<i>O espanto</i>	óleo / madeira	ca. 1962	102x72	Museo de Pontevedra	cat. Univ. 1, p. 227	catálogo universal nº 0214
Laxeiro	<i>Anxos con ás e tetas</i>	carbón e tinta / papel	1968	101,5x72,9	Concello de Lalín, Museo Municipal Ramón Mª Aller	reproducido en XV Bienal Pintor Laxeiro p. 78	catálogo universal nº 0269
Laxeiro	<i>Figuras</i>	óleo/táblex	1966	41x33	Colección Parlamento de Galicia, Santiago de Compostela		catálogo universal nº 0295
Laxeiro	<i>Bailaríns</i>	tinta e aguada papel	1969	47x64	Colección Alcalde-Varela, Boiro, A Coruña	cat univers 2 p. 60	catálogo universal nº 0741
Laxeiro	<i>O mundo</i>	óleo lenzo	1964	194x289	Colección particular, Madrid	cat. Univ. 1, p. 248-249	catálogo universal nº 0354
Laxeiro	<i>Abstracto</i>	óleo lenzo	1970	63,5x53	Colección Alcalde-Varela, Boiro, A Coruña	cat univers 2 p. 75	catálogo universal nº 0388
Laxeiro	<i>Eolo</i>	tinta papel	ca. 1960	35x25	Colección Alcalde-Varela, Boiro, A Coruña		catálogo universal nº 2211
Laxeiro	<i>Retrato</i>	óleo / lenzo	1960-70	34x29	Colección Alcalde-Varela, Boiro, A Coruña	cat. Univ. 1, p. 212	catálogo universal nº 0477
Laxeiro	<i>Figura</i>	óleo táboa	ca. 1965	59x49	Colección Alcalde-Varela, Boiro, A Coruña	cat. Univ. 2, p. 20	catálogo universal nº 0407
Laxeiro	<i>Maternidade</i>	óleo lenzo	1963	50x40	Abanca	nº rexistro 505	catálogo universal nº 0143
Laxeiro	<i>Músicos</i>	óleo lenzo	1955	156x207	Afundación	cat. Univ. 1, p. 186-187, inventario Afundación 406	catálogo universal nº 0082

Autor	Título	Técnica	Cronoloxía	Medidas	Cedente	Valoración	Observacións
Laxeiro	<i>Abstracción</i>	óleo táblex	1966	64x89	Afundación	Inventario Afundación 2504	catálogo universal nº 0086
Laxeiro	<i>Bella durmiente</i>	óleo lenzo	1964	40x30	Abanca	nº rexistro 498	catálogo universal nº 0147
Laxeiro	<i>Maternidade</i>	óleo lenzo	1962	126x89,5	Abanca	nº rexistro 485	catálogo universal nº 0142
Laxeiro	<i>Cencerrada</i>	óleo lenzo	1950	120x221	Afundación	cat. Univ. 1, p. 154, inv. Afundación 492	catálogo universal nº 0081
Laxeiro	<i>Bailarín en branco</i>	óleo táboa	1960-1970	59,5x49,5	Colección Alcalde-Varela, Boiro, A Coruña		catálogo universal nº 0348
Laxeiro	<i>Centauro</i>	óleo/cartón	1961	70x100 cm	Abanca	cat. Univ. 1, p. 223, número de rexistro 506	catálogo universal nº 0141
Laxeiro	<i>Asustado</i>	óleo lenzo	1963	30x24	Abanca	cat. Univ. 1, p. 244, nº rexistro 503	catálogo universal nº 0145
Laxeiro	<i>El hijo del loco</i>	óleo lenzo	1964	80x60	Abanca	cat. Univ. 1, p. 245, nº rexistro 507	catálogo universal nº 0146
Laxeiro	<i>Foi un home</i>	óleo / lenzo	1963	60x50	Abanca	cat. Univ. 1, p. 241, nº rexistro 494	catálogo universal nº 0144
Laxeiro	<i>Jefe azteca</i>	óleo lenzo	1964	40x30	Abanca	cat. Univ. 1, p. 254, nº rexistro 501	catálogo universal nº 0148
Laxeiro	<i>O martirio do boneco Ramón</i>	óleo/ lenzo	1966	200,2x150,5	Abanca	cat. Univ. 2, p. 39, nº rexistro 496	catálogo universal nº 0153
Laxeiro	<i>Señora berrando</i>	óleo/lenzo	1957-1963	53x44	Colección Alcalde-Varela, Boiro, A Coruña		catálogo universal nº 0469
Laxeiro	<i>Bodegón cubista</i>	tintas planas sobre papel	1960-1970	53x64	Colección Alcalde-Varela, Boiro, A Coruña		catálogo universal nº 0941
Laxeiro	<i>Abstracto</i>	óleo lenzo	1964	23x17	Colección Alcalde-Varela, Boiro, A Coruña	cat univ 1, p. 252	catálogo universal nº 0382
Laxeiro	<i>Sen título (Amanecer)</i>	óleo lenzo	1940-50	47,5x48,5	Colección privada Vigo		catálogo universal nº 0394
Luis Seoane	<i>Ruínas da guerra</i>	óleo / cartón	1949	28x41	Fundación Luis Seoane		rexistro da Fundación Luis Seoane 372
Julia Minguión	<i>La Tyla y yo</i>	óleo/ táboa	1943	142x111	Afundación		referenciada no catálogo de Artistas Gallegos, Buenos Aires, 1951

Autor	Título	Técnica	Cronoloxía	Medidas	Cedente	Valoración	Observacións
Antonio Faílde	<i>Maternidade</i>	granito	1959	63x28x29	Afundación	inv. Afundación 9063	Presente en varias exposicións desde "Faílde" D.G.B.A. A. Madrid, 1960
Manuel Prego de Oliver	<i>El baño</i>	óleo /lenzo	1949	95x82	Colección Concello de Ourense, Museo Municipal de Ourense		Publicada no principal estudio de Prego, "Prego, mestre da pintura", Francisco Javier Limia de Gardón e Natalia Figueiras Pimentel, 2017, Ourense
Manuel Pesqueira	<i>Maternidade</i>	óleo/lenzo	s. d.	80x65	Fundación María José Jove		Exposta e reproducida na última antoloxica de Pesqueira." Manuel Pesqueira, 1911-1987. De terra e de xentes" comisariado de Fernando Vilanova, Novacaixagalicia, 2011
Carlos Maside	<i>Rúas de Vigo</i>		1948	65x45	Colección Parlamento de Galicia		A obra figura reproducida na monografía de María Esther Rodríguez Losada, "Carlos Maside", Deputación da Coruña, 1993, nº 181 e no volume "Parlamento de Galicia. Arte Contemporánea", 2008, páx. 89.

Institucións prestadoras

- Colección Alcalde-Varela. Boiro, A Coruña
- Colección de Arte Abanca
- Colección de Arte Afundación
- Museo Municipal Ramón M^a Aller. Concello de Lalín
- Museo de Pontevedra. Pontevedra
- Colección Concello de Ourense. Museo Municipal de Ourense.
- Colección Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela.
- Fundación Luis Seoane. A Coruña
- Fundación María José Jove. A Coruña
- Colección privada. Vigo
- Colección particular. Madrid

Catálogo

Texto curatorial e dous textos críticos a cargo de Carlos L. Bernárdez e Javier Buján

Inclúese a reprodución do catálogo da exposición de Buenos Aires de 1951

Idiomas: Galego / Castelán (opcional outras linguas)

Reproducións: 60 reproducións aprox.

Páxinas: 200 aprox.

Deseño: Eva Prado

Reproducción de todas as pezas da exposición

Tiraxe: 1.000 exemplares



Gaiás, Cidade da Cultura

A Cidade da Cultura preséntase como un punto de conexión de Galicia co resto do mundo e un motor para impulsar proxectos culturais innovadores. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, o arquitecto norteamericano Peter Eisenman deseñou esta "cidade" que semella xurdir da terra para erixirse como unha icona da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.



Este espazo, destinado á cultura, ao emprendemento e á tecnoloxía, acolle:

Museo Centro Gaiás. A súa beleza e flexibilidade convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais e espectáculos de artes escénicas. É o centro cultural e artístico da Cidade da Cultura.

Biblioteca e Arquivo de Galicia. Preservan a memoria bibliográfica e documental da comunidade e actúan como cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos.

Centro de Emprendemento Creativo. Acolle a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC),

que impulsa o tecido empresarial no sector cultural, un espazo de *coworking*, un viveiro de empresas e unha área de empresas TIC.

Centro de Innovación Cultural (CINC). É sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega.

O Edificio Fontán. O edificio Fontán acolle institucións destinadas á investigación, á mellora do sistema universitario e á innovación educativa. Promovido pola Xunta e inaugurado en 2021, financiouuse con fondos do Goberno galego e unha achega do Consejo Superior

de Investigaciones Científicas (CSIC). Acolle a sede do Consorcio Interuniversitario de Galicia, a da Axencia de Calidade do Sistema Universitario de Galicia e o Centro de Investigación Interuniversitario de Paisaxes Atlánticas Culturais e, tamén, o Instituto de Ciencias del Patrimonio (Incipit) do CSIC.

Espazos naturais. O Bosque de Galicia, o Xardín Literario, o Xardín do Teatro e o Parque do Lago son os espazos verdes cos que conta o Gaiás. Lugares nos que gozar da natureza, descansar, practicar deporte e hábitos de vida saudable a través da súa rede de sendas e admirar novas caras da cidade de Compostela.

Foi un home. Laxeiro en América (Buenos Aires, 1950-1970)



XUNTA
DE GALICIA



CONCELLO DE LALÍN



Real Academia
de Bellas Artes
de San Fernando
rabasf.com



Instituto
Cervantes



Real Academia Galega
de Belas Artes



FUNDACIÓN
CIDADE DA CULTURA
DE GALICIA



Xacobeo
21-22